

AUTORA

Begoña Oro

ILUSTRADOR

Alejandro Villén

TEMAS

Humor. Familia. Interculturalidade. Prehistoria. Animais. Imaxinación e creatividade. Optimismo. Relacións interxeracionais. Educación para o consumo

COMPETENCIAS

Persoal, social e de aprender a aprender. CTEM. Conciencia e expresión cultural

RELACIÓN CON OUTRAS ÁREAS

Educación Artística (Plástica)

N.º DE PÁXINAS: 56



Os desastres de Troti

Unha solución para cada «desastroti»

POR QUE LER ESTE LIBRO

Porque é unha historia sinxela, divertida e entrañable sobre unha familia prehistórica que aterra na época contemporánea. Porque ofrece unha mirada que cuestiona a realidade actual, coas súas vantaxes e desvantaxes, ao tempo que alenta a conciencia sobre o medio no que vivimos. Porque inicia unha serie protagonizada polo simpático alicorno siberiano Troti, que gañará decontado o afecto dos primeiros lectores.

RESUMO DO ARGUMENTO

Troti é un animal prehistórico que aterrou, xunto á familia Mug, en pleno século XXI. É un pouco descoidado, pero os seus «desastrotis» sempre teñen amaño. Mía, a súa veciña e amiga, evita unha boa desfeita cando salva as lentes do avó. A avoa Uma próbaas e dáse conta de que con elas ve moito mellor, de xeito que comeza a ler un conto... e resulta que a Troti lle encantan as «historias entre tapas»!

PARA QUEN É ESTE LIBRO

Para primeiros lectores, especialmente aqueles que comezan a familiarizarse coa letra caligráfica. Para todos os amantes da Prehistoria, os animais e o humor.

PROPOSTA DE ACTIVIDADES

INDIVIDUAL

Pídelles aos teus alumnos que describan a cada un dos protagonistas (Troti, Uma, Pop, Uri e Mía) cunha soa palabra.

PARELLAS

Proponlles aos teus alumnos que, por parellas, fagan unha lista coas cousas que máis lles estrañan a Troti e aos Mug da vida moderna.

GRUPO

Organiza a clase en pequenos grupos e pídelles que preparen dúas ou tres preguntas sobre a historia ou os personaxes. Despois, xunta todas as preguntas e fórmulaas en voz alta a modo de xogo para que responda o grupo que levante a man máis rápido. Desta forma, os teus alumnos poderán interiorizar as **chaves principais** da colección e prepararse para a lectura dos seguintes libros da serie.

EDUCACIÓN ARTÍSTICA (PLÁSTICA)

A fin de desenvolver a súa capacidade de **interpretar imaxes**, alenta os teus alumnos a construír unha **nova historia** todos xuntos, fixándose unicamente nas ilustracións do libro. Para iso, dun en un, irán inventando unha frase que acompañe cada unha das imaxes ata completar unha narración tan imaxinativa ou disparatada como desexen. Podes rematar a actividade explicando o valor das ilustracións nos contos (*para acompañar, axudar a comprender, imaxinar, completar, dar unha nota de humor etc.*).

TALLER DE ESCRITURA

A avoa Uma adora os inventos da vida moderna. Anima os teus alumnos a facer uso da súa imaxinación e creatividade para describir un **novo invento** (algo que non exista hoxe en día), explicando a súa utilidade e o nome que lle poñerían.